CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Crear un prototipo ou realizar un traballo dixital para para resolver problemas sobre as necesidades da contorna establecendo obxectivos concretos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Realizar probas cos prototipos ou traballos dixitais deseñados, utilizando de forma segura e guiada os dispositivos e materiais axeitados.		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Expoñer en equipo os diferentes prototipos ou traballos dixitais que dean solución aos problemas plantexados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e co coidado do planeta.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.</li> <li>- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e co universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo, a contaminación lumínica, a concienciación polo coidado do medio.</li> <li>- O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.</li> <li>- A función da relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido.</li> <li>- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e das súas institucións á paz, á seguridade integral e á cooperación internacional para o desenvolvemento.</li> <li>- Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común.</li> <li>- As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade.</li> <li>- As formas de enerxía e as súas transformacións.</li> </ul>

## Contidos

- As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarias. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

UD	Título da UD	Duración
3	Diversidade xeográfica e órganos de goberno	37

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia	Explicar as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecer a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea.		
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Realizar preguntas e predicións razoadas sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Mostrar actitudes que fomenten o benestar emocional e social á hora de realizar os traballos en equipo e durante as clases.		
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Realizar proxectos cooperativos buscando, seleccionando e contrastando información, de diferentes fontes seguras e fiables, para expoñer o produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.</li> <li>- A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.</li> <li>- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de</li> </ul>

## Contidos

- dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.
- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política.
- España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública.
- España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.
- Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e do dos demais como oportunidade de aprendizaxe.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Con respecto ao aspecto metodolóxico, a presente Programación Didáctica remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

As diferentes Unidades Didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos contidos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da Educación Primaria.

Basearemos a intervención educativa nos seguintes principios metodolóxicos:

- A atención a diversidade do alumnado como elemento central das decisións metodolóxicas, tomando un enfoque de escola inclusiva.
- O desenvolvemento das intelixencias múltiples dende todas as áreas e para todo o alumnado. O que supón dar resposta á diversidade de estilos de aprendizaxe a través da combinación de propostas verbais, icónicas, musicais, espaciais e matemáticas e tamén as relacionadas coa intelixencia emocional e co corpo e o movemento.
- A aprendizaxe realmente significativa a través dunha ensinanza para a comprensión e unha estimulación dos procesos de pensamento eficaz, crítico e creativo.
- O logro dun bo clima de aula que permita ao alumnado centrarse na aprendizaxe e lles axude no seu proceso de educación emocional.

Dende as distintas áreas de aprendizaxe traballarase de xeito competencial, a profesora pasa a ser unha xestora de coñecemento e o alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe.

A intervención educativa partirá do coñecemento que o alumnado ten da realidade. Para obter esta información, o profesorado realizará actividades que lle permitan descubrir os conceptos previos que posúe o alumnado. A principal labor das profesoras consistirá en axudar ao alumnado a modificar os esquemas dos coñecementos previos, minimizando erros e achegándose a unha visión máis realista e obxectiva da realidade.

O profesorado optará por un enfoque metodolóxico que lle facilitará a organización das situacións reais de aprendizaxe:

- En primeiro lugar, comezará con preguntas, presentando os feitos de maneira accesible e concreta mediante actividades manipulativas, vídeos, imaxes, lecturas.
- En segundo lugar, proporá tarefas abertas, diversas e con distinto nivel de dominio, procurando o éxito do alumnado.
- En terceiro lugar, involucrará ao alumnado nas tarefas, poñéndoo en situación de observar, clasificar, recoller, relacionar información, formular explicacións e argumentos que lle permitan avanzar na adquisición das competencias claves.
- Por último, insistirá na importancia da comunicación oral e escrita das ideas e conclusións, destacando a importancia de compartir e comprender as achegas dos demais.

Con esta acción educativa, o alumnado elaborará as súas tarefas apoiándose en recursos diversos (dixitais, manipulativos...) para crear a súa aprendizaxe e aplicala a novas situacións.

Nas diversas actuacións educativas considérase a lectura como eixo de aprendizaxe polo que estará presente en calquera desempeño escolar (Plan lector do centro, Plan de mellora de bibliotecas escolares, Plan de dinamización lingüística) e será a competencia lingüística a ferramenta que lle axude a desenvolver as outras competencias clave.

No deseño das tarefas terase en conta as fortalezas de cada cativo/a para que lle sexa posible acadar unha aprendizaxe significativa que converta o coñecemento en creación e lle permita medrar en competencias. Isto tamén fará posible detectar as dificultades de aprendizaxe para corrixilas o antes posible mediante apoios e reforzos, evitando as medidas extraordinarias que só se aplicarán cando as anteriores non funcionen, e sempre co asesoramento do Departamento de Orientación.

Na dinámica da vida do centro estará presente a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e habilidades sociais para lograr a formación integral como persoas permitindo un maior grao de desenvolvemento das competencias clave (tendo en conta o Plan de convivencia, Plan Tics ou Plurilingüismo do CEIP A Pedra).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS: alumnado, docentes, mestres de apoio, familias, charlas, obradoiros...
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS
RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Entre os materiais pódense destacar: material funxible (caderno, estoxo, folios, cartolinas...), material de laboratorio, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, apuntamentos e esquemas que sirvan de soporte da aprendizaxe.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** entornos virtuais de aprendizaxe (EVA), páxinas web e diferentes blog de interese, fichas interactivas, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot para realizar actividades de repaso, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumno/a en particular. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo xa realizados pola titora durante o curso anterior.
- Información que xa posúe a docente porque xa os coñece do curso anterior.
- Recollerase información, se fose necesario, nas entrevistas coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía...
- Avaliación das competencias a través dunha ficha con pequenos textos para comprobar a súa capacidade de comprensión e de extraer ideas clave sobre a materia correspondente ao curso anterior.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas.

Haberá varias probas escritas para cada unha das UD's (aprox. unha cada quince días para valorar os contidos traballados nese período), que aportarán o 50 % da cualificación da UD. Haberá que acadar un mínimo de catro sobre dez para poder sumar o traballo diario e as exposicións.

O traballo diario (búsqueda de información, selección de ideas principais e recopilación) será o 30% da cualificación e valorarase a través de:

- Libreta de contidos.
- Traballo en equipo a través dunha rúbrica.
- Presentación das producións resultantes da búsqueda e traballo da información.

As exposicións orais de traballos ou experimentos será un 20% da nota e valorarase a través dunha rúbrica.



Para a valoración do traballo anterior terase en conta:

Que se teña realizado o 85% do traballo proposto na aula.

Tarefas realizadas en tempo.

Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección de forma autónoma, revisando os propios erros e modificándoos.

Participación activa e positiva nas tarefas colectivas realizadas na aula.

Uso dunha linguaxe axeitada e respectuosa coas diferencias.

Polo tanto, para acadar a avaliación da UD terase en conta estes valores:

-Proba escrita: 50% (será necesario acadar un 4 sobre 10 para facer a media co resto do traballo)

-Traballo diario: 30% (será necesario acadar un 4 sobre 10 para facer a media co exame)

-Exposicións orais: 20%

A nota trimestral será a suma da nota das probas escritas, traballo de clase e exposicións orais do traballo do trimestre.

A nota final de curso será a media da nota dos boletíns dos 3 trimestres superados.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fose un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estivese entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, houbo unha gran progresión no alumno/a, debido ao seu traballo e a inconveniencia de perder ao seu grupo, poderá valorarse a posibilidade de facer un cambio nalgún dos criterios anteriores.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadados os mínimos de consecución de cada CA ó final de trimestre, poderá recuperalos. Isto poderá ser a través dalgún dos seguintes modos:

- A través da repetición dunha proba escrita ou, no caso do traballo diario presentando algún traballo sobre os contidos.

Se aínda así, os mínimos non fosen acadados trimestralmente, terá outra oportunidade de superación destes mínimos de cara á avaliación final.

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgún dos temas da unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas por Orientación, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. De todas as sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación de suficiente. Tamén, se por calquera causa o profesor/a non a puidese realizar, poderá repasar os contidos necesarios para superar a materia na libreta de aula.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación, as medidas ordinarias e as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso prase especial énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo, coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo. Do mesmo xeito, o proceso de ensinanza-aprendizaxe, acomodarse ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nalgún caso nunha flexibilización metodolóxica que pode incluír medidas de Reforzo Educativo, como xa citei anteriormente. Cando estas medidas non sexan suficientes, poderase considerar e valorar a conveniencia da Adaptación Curricular. Co alumnado que queira



ampliar coñecementos ou que teña un ritmo de traballo máis rápido, proporáanse actividades de ampliación. Ademais, procederase, se é necesario, por parte do Departamento de Orientación, á avaliación psicopedagóxica do alumnado.

Deseñaranse, entre titores/as, profesorado e Departamento de Orientación, medidas e actuacións que respondan ás necesidades e problemas detectados (tipos de agrupamento, metodoloxía, selección de contidos, actividades, materiais curriculares,...)

Co alumnado inmigrante, no caso de que o haxa, con descoñecemento da lingua, establecerase Reforzo Educativo para traballar principalmente a comunicación.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, Plan Director...

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a saúde, incluída a sexual.	X		
ET.2 - Espírito científico.	X	X	X
ET.3 - Igualdade de xénero.	X	X	X
ET.4 - Consumo responsable e desenvolvemento sostible.		X	
ET.5 - Educación en Valores		X	
ET.6 - Espírito de emprendemento.		X	

### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos de Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais. Recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría implicando directamente a outras competencias, como a lingüística, a cultural, a cidadá e a emprendedora.

Hai temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. Por exemplo, o enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade e da competencia de aprender a aprender para a creación e exposición de proxectos.

O resto de temas transversais trataranse a través da temática elixida nas unidades, en relación con algunha conmemoración ou con PDI do centro.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna	Fic Bueu, museos, coñeceremos os ecosistemas máis próximos...	X	X	X
Charlas formativas	Charla-coloquio Illas Atlánticas, asociación Alborada para a prevención de riscos de uso das TICs...	X	X	X
Conmemoracións	Día da Muller traballadora, Día do Medio Ambiente, o mes da Ciencia...	X	X	X
Programa de Educación Cívico-Tributaria	Visita dunha funcionaria de facenda para explicar o que son os impostos...	X		
Plan Director	Educación e Seguridade Vial		X	
Visita Salesianos	Obra de teatro sobre un dos libros de lectura da aula		X	
Charlas das familias	Completar a información dos contidos traballados na aula	X	X	X

### Observacións:

Estas actividades vincularanse cos contidos das áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.

Metodoloxía empregada
Actividades axeitadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Temporalización e organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Plans de Reforzo.
Clima de traballo na aula
Actitudes de traballo, esforzo e cooperación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación entre as titoras e co resto do equipo docente, cooperación das familias con respecto ao traballo docente e á mellora actitudinal do alumnado...

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación: listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Con carácter periódico, as mestras que imparten esta área en 6º de Educación Primaria valorarán o grao de cumprimento das UD's e da Programación didáctica tendo en conta estes indicadores de logro:

1. As tarefas propostas adecúanse aos diferentes ritmos e estilos de traballo do alumnado.
2. Propóñense diferentes tipos de agrupamento en función do obxectivo a acadar e da tipoloxía de actividade.
3. Utilízanse recursos variados na aula.
4. A temporalización da UD é a axeitada.
5. Existe coordinación co resto do equipo docente.
6. As familias ou titores legais participan nas tarefas propostas.
7. O clima da aula favorece a participación de todo o alumnado.
8. A avaliación é a axeitada segundo os obxectivos e a metodoloxía de traballo.
9. Existe coordinación entre as dúas mestras que imparten esta área en 6º Primaria.

Anotaranse as desviacións e realizaranse propostas de mellora de cara ás seguintes UD's, trimestres e cursos.

Esta avaliación continua da PD será tida en conta na Memoria final de curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

Preséntase a Programación didáctica para a área de Valores Cívicos e Éticos de 6º de Educación Primaria para o CEIP Plurilingüe A Pedra, no Concello de Bueu. Está pensada esta planificación para levarse a cabo con dúas aulas de 16 e 17 alumn@s.

Ademais dos recursos que ten a vila e que aproveitaremos para a nosa práctica, como a Biblioteca pública (actualmente en desuso) ou o FIC (Festival Internacional de Cinema), o noso centro conta tamén con outros recursos colectivos axeitados para esta área, como é un estudo de radio, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se poden facer representacións teatrais, tendo en conta o PDI do centro deste ano: Arriba o pano na Pedra!

Somos un centro EDIXGAL e os ultraportátiles serán ferramentas comúns de traballo do alumnado, nunha contorna de aula virtual que será complementada con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula. Os recursos de "Polos creativos" van ser tamén moi útiles no traballo diario do alumnado.

Ao longo deste curso, traballaremos de xeito moi relacionado con "Coñecemento do medio natural, social e cultural", pola similitude de contidos (especialmente cos bloques 2 e 3), con Arts (nos aspectos máis técnicos da elaboración da curtametraxe), coas linguas (na creación do guion cinematográfico) e sen perder de vista o fío condutor deste ano, o teatro e a creación dunha Romaría.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecéndome!	A través de diversas actividades (lecturas, videofórum, debates....) traballaremos o autoconhecimento, a regulación de emocións ou a mellora da autoestima, así como o pensamento crítico ou o uso responsable das TIC.	33	10	X		
2	Xuntos creamos!	Esta UD ten moita relación cos contidos de CMNSC e cos de Educación Plástica. Durante dous trimestres estaremos traballando na creación dunha curtametraxe no que se traballen os principais valores sociais e cívicos como o respecto, a defensa dos dereitos humanos, o consumo responsable, a educación viaria, o coidado do medio ambiente...	67	25		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecéndome!	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	Traballa na construción dun concepto adecuado de si mesmo ou mesma.	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresa emocións, afectos e desexos.		
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	É crítico ante os problemas relacionados co uso responsable das redes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa respetando aos demais.		
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Comunícase de xeito asertivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza dos seres humanos:</li> <li>- A igualdade en dignidade de todos os seres humanos.</li> <li>- As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepitibilidade dos individuos.</li> <li>- As características que definen a persoa:</li> <li>- Ser natural, ser vivo, ser animal.</li> <li>- Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.</li> <li>- Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.</li> <li>- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.</li> <li>- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade sobre as accións propias.</li> <li>- O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.</li> <li>- A educación das emocións e dos sentimentos:</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- O autocontrol. A xestión dos sentimentos.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.</li> <li>- O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión.</li> <li>- Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.</li> <li>- O debate sobre os límites da liberdade de expresión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Xuntos creamos!	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de lei, ética, civismo, democracia, xustiza e paz.	Amosa un xeito de convivencia democrática.	TI	100
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando condutas cívicas.		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	É respectuoso coas diferenzas.		
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Defende a igualdade de xénero.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Valora o papel das ONG para a creación dunha sociedade máis equilibrada.		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Comunícase de xeito asertivo.		
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Coñece e respecta os principais dereitos humanos.		
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Propón alternativas para o coidado do medio ambiente.		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Comprométese e actúa para facer un consumo responsable dos medios naturais.		
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Respecta a opinión dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- O ser humano como ser social por natureza:
- Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais.
- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.
- A democracia como mellor modo de convivencia:
- Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.
- O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos.
- O problema da consecución da xustiza na democracia.
- A cultura da paz e da non violencia:
- O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD.
- O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.
- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:
- A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.
- A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista.
- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:
- A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural.
- O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.
- Natureza humana e natureza animal:
- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.
- Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.
- A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe:
- As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.
- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:
- O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal.
- O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos.
- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sustentable:
- O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.
- O uso sustentable da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos.
- A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.
- A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do solo e dos bosques e

<b>Contidos</b>
- da protección do planeta.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo deste curso, traballaremos de xeito moi relacionado con "Coñecemento do medio natural, social e cultural", pola similitude de contidos (especialmente cos bloques 2 e 3), con Educación plástica (nos aspectos máis técnicos da elaboración da curtametraxe), coas linguas (na creación do guion cinematográfico) e sen perder de vista o fío conductor deste ano, o teatro e a creación dunha Romaría.

No primeiro trimestre faranse diferentes actividades vivenciais para que o alumnado aprenda valores como a solidariedade, o compañerismo, a tolerancia e o respecto, como un traballo sobre os dereitos humanos, un videofórum sobre unha ONG de axuda á infancia ou un obradoiro sobre o uso responsable das TIC. Deste xeito, afóndase no Bloque 1 do currículo.

Ao longo do 2º e 3º trimestre, na UD2, traballarase na guionización e grabación dunha curtametraxe que integre os aspectos e valores propostos nos bloques 2 e 3 do currículo, como son o coidado do medioambiente, o consumo responsable, a prevención do acoso...

Tódalas actividades seguirán un enfoque constructivista, no que o alumnado irá traballando de xeito vivencial a partir dos seus coñecementos previos. O traballo en equipo é a base da nosa metodoloxía.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia feito polas mestras.
Recursos TIC como as tablets e outro material (Polos creativos)

Ademais do material que elaborarán as mestras, faremos uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro, como as tablets para a creación de Stop-motion ou o Chroma.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as primeiras sesións, e que constará:

- Exame dos informes dos cursos anteriores sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no curso anterior.
  - Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
  - Realización dunha carta manuscrita, que se inclurá na "Cápsula do tempo" e que nos ofrecerá información sobre os seus medos, expectativas e inqedanzas, así como a súa visión sobre os seus puntos fortes e débiles.
- Con esta información definirase o punto de partida para cada unha das unidades didácticas programadas.

#### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

##### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>67</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	<b>100</b>

Xornadas de convivencia	Xuntanza cos centros da zona.			X
Día mundial do medio ambiente	Senderismo por camiños da contorna ( vexetación , fontes, lavadoiros...)		X	
Proxecto de Innovación educativa "Imos de Romaría"	Colaboración no proxecto de innovación na representación dunha romaría tradicional.			X

#### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,..
Aberta e flexible, agrupamentos, estilos de aprendizaxe adaptar ás características do alumnado...
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais foron atractivos, suficientes...
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade, participación activa...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planificación coordinada co profesorado de nivel, ciclo, apoio...

#### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomaremos as posibles medidas conducentes á mellora dos resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica. Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, .

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

Esta programación didáctica será levada a cabo con dous grupos de 16 e 17 alumnas e alumnos que cursan 6º de Educación Primaria nun centro Plurilingüe. Onde se entenderá a Educación Plástica e Visual como unha linguaxe universal e sen fronteiras, xa que é un medio excelente para comprender e transmitir non só técnica e ideas, senón unha cultura.

Traballarase a recepción e interpretación de obras artísticas, pero é moi importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición, aproveitando a motivación que esta área provoca no alumando.

A transversalidade caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, e traballarase coordinadamente con Matemáticas co debuxo técnico, con Valores e as Ciencias ao crear as curtametraxes e coas Linguas mediante a expresión oral e a guionización das súas creacións audiovisuais.

Cada unha das Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD persegue:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.
- Mellorar a Competencia Plurilingüe, xa que é unha área que se imparte en lingua inglesa.

Esta PD está planificada de xeito que a primeira UD teña unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a segunda UD viaxará o longo do segundo e terceiro trimestres. Deste xeito, seguiremos o fío condutor do PDI do centro (O teatro) e do Proxecto proposto polo Equipo de Innovación ("Imos de romaría!").

As TIC e o material proposto dende Polos Creativos serán clave no noso traballo diario.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Manifestacións artísticas	A partir de obras de diferentes artistas, coñeceremos os principios básicos das artes plásticas e do debuxo técnico. Unha vez traballada a percepción destas obras, pasaremos a crear as nosas obras plásticas.	34	11	X		
2	Let the show begin!	Coñeceremos os principios das artes audiovisuais para logo profundizar na fotografía, no teatro e no cine, creando como produto final as nosas propias producións audiovisuais.	66	24		X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Manifestacións artísticas	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostra curiosidade por diferentes propostas plásticas.		
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas empregando o vocabulario específico destas.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre manifestacións artísticas a través de diversas canles.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Ten interiorizadas as normas elementais de comportamento.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Exprésase a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e diseña producións.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Traballa de xeito cooperativo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso e o resultado final na creación dunha obra.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais</li> <li>- Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Let the show begin!	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Ten interiorizadas as normas elementais de comportamento.	TI	100
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades plásticas.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostra curiosidade por distintas propostas artísticas audiovisuais.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas audiovisuais empregando vocabulario específico.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Busca información sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra unha actitude positiva na recepción de propostas audiovisuais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas mostrando confianza nas capacidades propias.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e diseña producións audiovisuais.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Traballa de xeito cooperativo na produción de obras audiovisuais.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.</li> <li>- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa. Estas UD sán pensadas para a consecución do logro de cada un dos

criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (Apps, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

As clases levaranse a cabo, principalmente, na aula ordinaria ou na aula exenta de Plástica. Tamén se desenvolverán, dependendo da tipoloxía de actividade, ao aire libre ou noutros espazos como a biblioteca do centro ou na feira Art for Change.

A aula do alumnado conta cun ordenador conectado á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías. Cada alumno conta con ordenador portátil (proxecto Edixgal).

Poderanse utilizar tamén as tablets e Ipads da biblioteca, e traballarase con recursos TIC e diferentes Apps.

Ademais destes recursos tecnolóxicos, utliizarase material funxible como:

Pinceis, acuarelas e témperas

Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras

Papeis de cores, cartolinas, papel de seda...

Pasta de modelaxe

Regra, escuadro e cartabón

Follas secas e outro material da natureza

Material de refugallo

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para facer a avaliación inicial, revisaránse os informes individualizados do alumnado e recollerase e ampliarase a información por parte das persoas titoras do curso anterior.

Realizarase unha proba durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun

debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso respecto ao curso anterior e se terá en conta a fase da evolución do debuxo na que están (fase esquemática, etapa do realismo, etapa pseudonaturalista...).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	66	100
Táboa de indicadores	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas listas de control/escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación. En tódolos trimestres, farase algunha actividade relacionada co Proxecto do centro (O teatro) e co Proxecto de innovación (que ten como produto final a creación dunha Romaría), e será cualificada tendo en conta os indicadores de cada UD.

Os criterios de avaliación da UD2 repartiranse ao longo do 2º e 3º trimestre, en función da planificación das actividades que se vaian realizando.

A nota final obterase do seguinte xeito:

-1º trim.: UD1

-2º trim.: UD2

-3º trim.: UD2

Nota final: UD1 (34%) + UD2 (66%)

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

No Definitions Found

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Traballarase moito o traballo cooperativo e a titoría entre iguais, polos que todo o alumnado se enriquecerá. Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Se fose preciso, e coa colaboración do Departamento de Orientación, farase reforzo educativo ou adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X
ET.6 - ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X
ET.7 - ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X
ET.8 - ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X
ET.9 - ET.9 - Educación para a saúde	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

Ademais, participase nas diferentes actividades do centro, como as propostas dende o Equipo plurilingüe, o Equipo de dinamización da Lingua, dende Biblioteca ou do equipo TICs, no que están presentes sempre valores sociais e democráticos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Pasarrúas de entroido	Elaboración de disfraces para o e participar con todo o centro no desfile e festa.		X	
Festival Art for Change	Elaboración de material para expoñer e vender na Feira Art for Change, organiza polo IES Johan Carballeira.		X	X
Festival Fin de curso	Elaboración de material, atrezzo, decorados... para o festival de Fin de curso.			X
Proxecto de innovación: Romaría	Participación no proxecto de innovación preparando actividades para a Romaría.	X	X	X

**Observacións:**

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentouse e apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

#### Descrición:

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Mensualmente revisarase a PD na reunión de Ciclo; recolleranse as valoracións feitas en PROENS no apartado de seguimento e na Memoria final.

Nas revisións das UDs e da PD en PROENS terase en conta:

- Data de inicio e final da UD, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

## **9. Outros apartados**

1. .



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	6º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

Preséntase a Programación didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura de 6º de Educación Primaria para o CEIP Plurilingüe A Pedra, no Concello de Bueu. Está pensada esta planificación para levarse a cabo con 2 aulas de 16 e 17 alumnos.

Ademais des recursos que ten a vila e que aproveitaremos para a nosa práctica, como a Biblioteca escolar (actualmente en desuso) ou o FIC (Festival Internacional de Cinema), o noso centro conta tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se poden facer representacións teatrais, tendo en conta o PDI do centro deste ano: Arriba o pano na Pedra!

Somos un centro EDIXGAL e os ultraportátiles serán ferramentas comúns de traballo do alumnado, nunha contorna de aula virtual que será complementada con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula. A lectura será a base no día a día das clases e a mellora da expresión escrita un dos nosos principais obxectivos.

A área de Lingua e Literatura Castelá ten un carácter instrumental, por iso a competencia lingüística se traballará en tódolos contextos e dende tódalas áreas e non soamente dende esta materia.

Así pois, estrutúrase esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- 1.- A lingua e os seus falantes.
- 2.- Comunicación oral.
- 3.- Comunicación escrita.
- 4.- Alfabetización mediática e informacional.
- 5.- Educación literaria.
- 6.- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Estes 6 bloques traballaranse de xeito intradisciplinar, organizados en 3 Unidades didácticas que se desenvolverán ao longo de todo o curso escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¡Arriba el telón!	Destacaremos, tendo en conta o PDI do centro, o xénero literario do teatro e, partindo da lectura dunha peza teatral, analizaremos como se estrutura esta e aprenderemos novo vocabulario. A gramática (nome, adxectivo...), a sintaxe e a ortografía (regras básicas de puntuación e de acentuación, r/rr) irase traballando tendo en conta tamén esta lectura proposta. En canto á expresión escrita, comezaremos incidindo nun plan de escritura e abordando a fondo a coherencia e a cohesión dos textos. A biblioteca e a radio serán clave no traballo da comunicación oral.	33	44	X		
2	Del atrezo se ocupa el atrecista.	Continuamos traballando cos diferentes xéneros literarios, especialmente o teatro, pois despois de analizar no primeiro trimestre como son as pezas teatrais, neste trimestre crearemos a nosa propia obra dramática. A expresión escrita continúa a ser traballada diariamente e o vocabulario, gramática (adverbios, pronomes...), sintaxe e ortografía (til diacrítico, g/j, b/v...) son estudadas a partir das lecturas diarias. Iremos como espectadores a unha obra de teatro, na que se representará unha das	34	52		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Del atrezo se ocupa el atrecista.	novelas que lemos estes curso: Las aventuras de Tom Sawyer. A biblioteca e a radio son clave no traballo da comunicación oral.	34	52		X	
3	¡Aquí muere hasta el apuntador!	Neste trimestre lanzámonos a interpretar as diferentes pezas que creamos no segundo trimestre, ademais de continuar profundizando nas principais regras ortográficas (til en interrogativos...), gramaticais e de sintaxe (incidindo xa nos complementos verbais). O festival de fin de curso sérvenos para traballar a comunicación oral.	33	44			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¡Arriba el telón!	44

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Recoñece as ideas principais dun texto	PE	51
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le un texto comprendendo o sentido global e a información relevante		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias de comprensión lectora: subliñado das ideas e palabras clave		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Recoñece un texto pola súa estrutura		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Respecta as normas ortográficas traballadas na produción de textos		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	É capaz de expresarse por escrito de xeito coherente		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce textos escritos coherentes e respectando as normas ortográficas		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra respecto polas distintas linguas e variedades dialectais		
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detecta prexuízos e estereotipos lingüísticos		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna	TI	49
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Recoñece e rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Escoita con atención		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Produce textos orais utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Valora a lectura como medio para ampliar o vocabulario		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aumenta a súa velocidade lectora respecto a principio de curso		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	É capaz de defender unha posición utilizando a linguaxe		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información en fontes dixitais		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo		
CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Le textos literarios adecuados á súa idade		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e interpreta recursos da linguaxe literaria		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñece os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Utiliza a linguaxe oral para comunicarse no ámbito escolar		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora os textos escritos, conforme ao seu plan de escritura		
Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Algunhas propostas para

atender ao alumnado que teñamos no grupo, según as características que presenten. poderían ser:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. .., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.

As actividades deben ser flexibles para que todos poidan participar e facilitar así o seu progreso, prestándolles apoio cando así o requiran. Contamos sempre con actividades de reforzo para os alumnos/as que se estanquen (slow learners) e de ampliación para os máis avanzados (fast learners).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes e educación para a paz		X	X		X	
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde					X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X
Hora de ler	O profesorado de inglés e CLIL leva a cabo a hora de ler en inglés.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X

**Observacións:**

Levarase a cabo calquera outra actividade que xurda ao longo do curso e o profesorado de linguas estranxeiras considere de interese para o alumnado.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Seguíronse os puntos establecidos na programación
Metodoloxía empregada
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixido ao alumnado que presentou dificultades na aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Traballáronse as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Existiu coordinación entre o profesorado LE e CLIL

**Descrición:**

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: a dificultade e duración das actividades, a motivación do alumnado, a temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, as medidas de atención á diversidade... O procedemento para a recollida de información fárbase na reunión plurilingüe e na memoria anual de finais de curso.,

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. A finais de curso, o profesorado de lingua estranxeira fará unha valoración dos resultados académicos do alumnado e terao en conta á hora de establecer propostas de mellora cara o seguinte curso. Tamén se consideraran os resultados da avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe e da práctica docente.

Este proceso farase a través da aplicación PROENS e, se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Preséntase a Programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura de 6º de Educación Primaria para o CEIP Plurilingüe A Pedra, no Concello de Bueu. Está pensada esta planificación para levarse a cabo con dúas aulas de 16 e 17 alumnos.

Ademais des recursos que ten a vila e que aproveitaremos para a nosa práctica, como a Biblioteca pública (actualmente en desuso) ou o FIC (Festival Internacional de Cinema), o noso centro conta tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se poden facer representacións teatrais, tendo en conta o PDI do centro deste ano: Arriba o pano na Pedra!

Somos un centro EDIXGAL e os ultraportátiles serán ferramentas comúns de traballo do alumnado, nunha contorna de aula virtual que será complementada con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula. A lectura será a base no día a día das clases e a mellora da expresión escrita un dos nosos principais obxectivos.

A área de Lingua e Literatura Galega ten un carácter instrumental, por iso a competencia lingüística se traballará en tódolos contextos e dende tódalas áreas e non soamente dende esta materia, na que se traballarán todos os bloques propostos no currículo de xeito intradisciplinar, organizados en tres Unidades didácticas que se desenvolverán ao longo de todo o curso escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Arriba o pano!	Destacaremos, tendo en conta o PDI do centro, o xénero literario do teatro e, partindo da lectura dunha peza teatral, analizaremos como se estrutura esta e aprenderemos novo vocabulario. A gramática (nome, adxectivo...), a sintaxe e a ortografía (regras básicas de puntuación e de acentuación, r/rr) irase traballando tendo en conta tamén esta lectura proposta. En canto á expresión escrita, comezaremos incidindo nun plan de escritura e abordando a fondo a coherencia e a cohesión dos textos. A biblioteca e a radio serán clave no traballo da comunicación oral.	33	44	X		
2	Moita merda!	Continuamos traballando cos diferentes xéneros literarios, especialmente o teatro, pois despois de analizar no primeiro trimestre como son as pezas teatrais, neste trimestre crearemos a nosa propia obra dramática, para isto, temos en conta o fío condutor que nos vai guiar: a preparación dunha Romaría. A expresión escrita continúa a ser traballada diariamente e o vocabulario, gramática (adverbios, pronomes...), sintaxe e ortografía (til diacrítico, g/j, b/v...) son estudadas a partir das lecturas diarias. A biblioteca e a radio son clave no traballo da comunicación oral.	34	52		X	
3	Aplausos!	No último trimestre lanzámonos a interpretar as diferentes pezas que creamos no segundo trimestre, ademais de continuar afondando nas principais regras ortográficas (til en interrogativos...), gramaticais e de sintaxe (incidindo xa nos complementos verbais). O festival de fin de curso sérvenos para traballar a comunicación oral.	33	44			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Arriba o pano!	44

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Recoñece as ideas principais dun texto	PE	55
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Respecta as normas ortográficas traballadas na produción de textos		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	É capaz de expresarse por escrito de xeito coherente		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Revisa e mellora os textos escritos, conforme ao seu plan de escritura		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Produce textos escritos respectando as normas ortográficas e utilizando vocabulario variado		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra respecto polas distintas linguas e variedades dialectais	TI	45
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detecta prexuízos e estereotipos lingüísticos		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas.	Recoñece e rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Escoita con atención		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le un texto comprendendo o sentido global e a información relevante		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Valora a lectura como medio para ampliar o vocabulario		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias de comprensión lectora: subliñado das ideas e palabras clave		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Recoñece un texto pola súa estrutura		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aumenta a súa velocidade lectora respecto a principio de curso		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	É capaz de defender unha posición utilizando a linguaxe		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información en fontes dixitais		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Le textos literarios adecuados á súa idade		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e interpreta recursos da linguaxe literaria		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñece os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Utiliza a linguaxe oral para comunicarse no ámbito escolar		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Usa o dicionario para resolver dúbidas lingüísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural.</li> <li>- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e

## Contidos

- educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.

**Contidos**

- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	Moita merda!	52

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le un texto comprendendo o sentido global e a información relevante		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Respecta as normas ortográficas traballadas na produción de textos		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora textos escritos coherentes		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Comprende e interpreta diferentes textos literarios		
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos escritos a partir de modelos dados	PE	79
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Revisa e mellora os textos escritos, conforme ao seu plan de escritura		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Produce textos escritos respectando as normas ortográficas e utilizando vocabulario variado		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Usa o dicionario para resolver dúbidas lingüísticas		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Escoita activamente		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valora os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Comunícase de xeito asertivo		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Coida a biblioteca da aula e do centro		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada destrezas e competencia lingüística		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	É capaz de localizar un libro da biblioteca do centro		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Utiliza de xeito responsable as TIC na elaboración dos traballos	TI	21
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Le de maneira autónoma textos de diversas fontes		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas actividades propostas na biblioteca e radio		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le con fluidez		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Participa nas lecturas en voz alta na aula		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Utiliza a lectura como fonte de lecer		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.

## Contidos

- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras

**Contidos**

- ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Aplausos!	44

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le un texto comprendendo o sentido global e a información relevante. Identifica a idea xeral dun texto.	PE	80
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Exprésase por escrito con coherencia e cohesión		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Revisa e mellora os textos escritos, conforme ao seu plan de escritura		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Adquire as normas ortográficas, de vocabulario e gramaticais estudadas na aula		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Produce textos escritos respectando as normas ortográficas e utilizando vocabulario variado		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Usa o dicionario para resolver dúbidas lingüísticas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas ortográficas e gramaticais estudadas na aula		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresase oralmente con coherencia, usando vocabulario variado.	TI	20
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada destrezas e competencia lingüística		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Fai actividades literarias compartidas		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.</li> <li>- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.</li> <li>- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.</li> <li>- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.</li> <li>- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.</li> <li>- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.</li> </ul>

## Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No día a día das nosas clases partiremos dos libros de lectura escollidos para traballar diferentes aspectos da Lingua e literatura galega: gramática, ortografía, sintaxe, vocabulario...

As actividades que realizaremos na biblioteca (Contacontos) e na Radio servirán tamén para traballar a Comunicación oral.

Faremos tamén "contacontos" interniveis en datas destacadas como o Día das bibliotecas e traballaremos a dramatización e a Comunicación oral no Festival de fin de curso.

O dicionario (en papel e dixital) será unha ferramenta de traballo cotiá, e a mellora da expresión escrita será un dos nosos principais obxectivos, para o que contaremos con un caderno específico para traballar os textos escritos.

A tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas diferentes unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC con texto, gráficos, imaxes, etc

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro.

"Analizamos, creamos e interpretamos", esta vai ser tamén a nosa metodoloxía de traballo. Tendo en conta o PDI do centro (O teatro) e a creación dunha Romaría (proposta polo equipo de innovación do centro) ao longo do primeiro trimestre analizaremos diversos aspectos do cancionero popular galego, para logo pasar a crear (no segundo trimestre) e a interpretar esa peza no terceiro trimestre. Deste xeito, traballaremos a dramatización e o mes das Letras galegas ao longo de todo o curso.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia feito polas mestras.
Ordenadores do alumnado.
Libros de lectura
Dicionarios
Monicreques, teatrillo e outro material de representación teatral
Biblioteca e radio escolar

Algunhas das propostas de lectura son:  
 -Algunha peza teatral de Paula Carballeira.  
 -Contos ao teléfono, de Giani Rodari.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as primeiras sesións, e que constará:

- Exame dos informes dos cursos anteriores sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no curso anterior.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
- Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
- Lectura e comprensión dun texto escrito para valorar a velocidade e comprensión lectora.
- Preguntas curtas sobre aspectos gramaticais e ortográficos básicos.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	55	79	80	<b>71</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	45	21	20	<b>29</b>

**Criterios de cualificación:**

Ao longo de cada trimestre teranse en conta estes criterios de Cualificación:

- Comunicación oral: 10%
- Gramática, vocabulario (e algúns criterios de ed. literaria): 30%
- Comprensión, fluidez lectora e algúns criterios de e. literaria): 20%
- Expresión escrita: 40%

Será preciso obter un mínimo de catro en cada unha das partes para que poidan sumar co resto.

Para esta avaliación, terase en conta:

- Traballo diario.
- Exames.
- Caderno de gramática e exercicios
- Caderno de composición de textos escritos
- Lecturas variadas para valorar a velocidade e comprensión lectora
- Exposicións e interpretacións orais.

Para a valoración de todo o anterior terase en conta:

- Que se teña realizado o 85% do traballo proposto na aula.
- Tarefas realizadas en tempo.
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección de forma
- Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferencias.



Traballaremos as linguas de xeito integrado, polo que unha mesma actividade pode servir para traballar contidos de ámbalas as áreas e avaliar os seus criterios de avaliación.

A nota trimestral acadarase tendo en conta todo o anterior. A nota final de curso será a media da nota dos boletíns dos tres trimestres.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-Se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-Se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, houbo unha gran progresión no alumno/a, debido ao seu traballo e a inconveniencia de perder ao seu grupo, poderá valorarse a posibilidade de facer un cambio nalgún dos criterios anteriores.

### **Criterios de recuperación:**

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL.

Haberá sesións adicadas a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nas necesidades puntuais que teña o alumnado. Nalgúns intres terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta. Tamén serán atendidos de maneira individualizada polos docentes para poder superar ditas necesidades. No segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente.

-Para superar a UD, o alumnado terá que acadar un 5 na mesma.

-Farase media entre os diferentes apartados que se avalían se en cada unha das partes se acadou un 4 sobre 10.

-No caso de que unha persoa suspenda a UD porque nalgún dos exames non acadou un 4 (sobre 10 puntos) terá que repetir esas probas escritas.

-No caso de que unha persoa suspenda a UD porque no traballo diario non acadou un 4 (sobre 10 puntos) terá que realizar un traballo de recuperación.

-Se unha persoa suspende o trimestre, recuperará as partes non superadas.

-Será necesario que non haxa máis de 1 UDs suspensas para poder aprobar o curso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

> A dispoñibilidade de profesorado a maiores do titor, entendendo que dende a Xefatura de Estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade vén definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

> O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.

> O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa nalgúns intres permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.

> O modelo de traballo individualizado permite afianzar contidos, gañar autoestima e unha comprobación real das dificultades e necesidades de cada un/ha.

> O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

> O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.



### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.2 - Educación en valores	X	X	X

#### Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Imos de romaría!	Organizaremos unha romaría coas outras clases do centro			X
Lecturas interniveis	Lecturas polo día das Bibliotecas escolares	X		
Festival fin de curso	Festival no que se conta coa participación das familias			X

#### Observacións:

Outras actividades complementarias iranse engadindo de maneira progresiva durante todo o curso ao irse formalizando.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cúmprense dos tempos de cada UD
Metodoloxía empregada
Fanse actividades variadas e motivadoras
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Integrase o alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.

Medidas de atención á diversidade
As tarefas son diversas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Clima de traballo na aula
Intégrase activamente o alumnado nas actividades grupais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Hai coordinación co equipo docente na organización de actividades.

### Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o currículo LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Avaliarase o proceso de ensino e a práctica docente trimestralmente, introducindo propostas de mellora en caso de ser necesario.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio. Con carácter periódico, as mestras que imparten esta área en 6º de Educación Primaria valorarán o grao de cumprimento das UD's e da Programación didáctica tendo en conta estes indicadores de logro:

1. As tarefas propostas adecúanse aos diferentes ritmos e estilos de traballo do alumnado.
2. Propóñense diferentes tipos de agrupamento en función do obxectivo a acadar e da tipoloxía de actividade.
3. Utilízanse recursos variados na aula.
4. A temporalización da UD é a adecuada.
5. Existe coordinación co resto do equipo docente.
6. As familias ou titores legais participan nas tarefas propostas.
7. O clima da aula favorece a participación de todo o alumnado.
8. A avaliación é a axeitada segundo os obxectivos e a metodoloxía de traballo.
9. Existe coordinación entre as dúas mestras que imparten esta área en 6º Primaria.

Anotaranse as desviacións e realizaranse propostas de mellora de cara ás seguintes UD's, trimestres e cursos.

Esta avaliación continua da PD será tida en conta na Memoria final de curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	6º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	40
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

## 1. Introducción

A presente programación didáctica está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro ós preceptos neste recollidos.

Esta programación está pensada para levar a cabo ao longo do curso escolar 2024-2025 con nenos e nenas de 6º curso de Educación primaria do CEIP Plurilingüe A Pedra de Bueu. O seu obxectivo principal é o de facilitar ao alumnado a adquisición dos contidos propios da materia e unha mellora progresiva da súa autonomía, así como a adquisición da competencia matemática.

O curso de 6º está dividido en dous grupos:

- Grupo A: composto por 16 alumnos/as

- Grupo B: composto por 17 alumnos/as

Neste curso escolar, imos seguir traballando dentro do programa E-dixgal cos libros de texto dixitais. Iremos escollendo as propostas de material desta plataforma para desenvolver as competencias clave e lograr os obxectivos ao longo de todo o curso a través das diferentes actividades e completaremos estas propostas con diversos materiais adaptados á idade.

Ademais, participaremos nas tarefas propostas no noso centro, xa sexa polo Equipo de Dinamización Lingüística, polo Equipo de Biblioteca, polo equipo de TICs ou polo Departamento de Orientación.

### CARACTERÍSTICAS DA AULA E ALUMNADO

O noso é un centro de dobre liña. Neste curso contamos, como xa dixen anteriormente, con 16 e 17 alumnos/as respectivamente.

En todos os casos, unha vez obtidos os resultados das probas de avaliación inicial e, unha vez sexan analizados e observados no día a día, adoptaremos as medidas oportunas ás súas necesidades, coa colaboración do Departamento de Orientación.

O alumnado para o que se elaborou a programación atópase escolarizado en sexto de educación primaria, polo que a súa idade oscila entre os 11 ou 12 anos. Neste sentido, desde un punto de vista de atención á diversidade, hai que destacar que tamén se recollen nesta programación medidas de atención á diversidade para aquel alumnado que poida presentar necesidades específicas de apoio educativo.

A materia de Matemáticas conta con 6 bloques de contidos : o bloque 1, " Sentido numérico"; o bloque número 2, "Sentido da medida"; o bloque número 3, "Sentido espacial"; o bloque número 4, "Sentido alxébrico e pensamento computacional"; o bloque 5 "Sentido estocástico" e o bloque 6 "Sentido socioemocional".

Así mesmo, tomando como base as características da contorna e demais áreas, tamén se traballará de forma interdisciplinar, relacionando e tomando consciencia da necesaria utilización doutras materias para a aplicación de calquera procedemento ou estudo na vida cotiá.

Desta maneira, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

Todo isto levarase a cabo nas seis unidades didácticas que conforman esta programación, quedando unha unidade en cada trimestre, tal e como se especifica no apartado 3.

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

É unha programación inclusiva que favorece a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A estatística e o mundo natural	Estatística. Ao azar. Probabilidade dun suceso. Datos cuantitativos e cualitativos. Táboas de frecuencias absolutas e relativas. Diagrama de barras. Polígono de frecuencias. Diagrama de sectores. Media, moda e rango. Os números naturais. El sistema de numeración decimal. Valor posicional. Descomposición e composición dun número natural. Comparación e ordenación de números naturais. Operacións con números naturais (suma, multiplicación). Redondeo de números naturais. Criterios de divisibilidade. Series ascendentes e descendentes. Divisores dun número. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo.	16	24	X		
2	Os números decimais e as fraccións.	Os números decimais. Valor posicional. Elementos dun número decimal. Descomposición e ordenación de números decimais. Operacións con números decimais. Redondeo de números decimais positivos. Definición e uso das fraccións. Relación entre fracción e número decimal. Fraccións equivalentes. Paso a común denominador. Representación na recta real. Fraccións	17	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os números decimais e as fraccións.	propias e impropias. Números mixtos.	17	20	X		
3	Das fraccións á proporcionalidade.	Suma e resta de fraccións. Propiedades. Suma e resta de unidades e fraccións. Produto de fraccións. Fracción dunha cantidade. División de fraccións. Proporcionalidade directa. Lei do dobre, triplo e metade. Regras de tres directas. Porcentaxes. Expresión das partes. Suma e resta de porcentaxes. Relación entre porcentaxes, fraccións e números decimais. Aumentos e diminucións porcentuais.	17	30		X	
4	Xenios das mates.	As potencias. Potencias de base 10. Aproximación ao concepto de raíz cadrada. Números enteiros. Números positivos e negativos. Orde dos números enteiros. Suma de enteiros (do mesmo signo, do signo contrario). Produto dos números enteiros. División de números enteiros.	17	22		X	
5	Medindo o noso mundo.	Medicións de magnitudes. Unidades. Elección da unidade axeitada. Estimación de magnitudes. Ordenación de medidas da mesma magnitude. Suma e resta de magnitudes. Comparación de superficies. Equivalencia entre medidas de capacidade e volume. Ángulos: definición e uso. Medida de ángulos. O grao. Clases de ángulos. Ángulos complementarios e suplementarios. Suma e resta de ángulos. Produto dun número por un ángulo. División dun ángulo entre un número.	17	24			X
6	A xeometría da vida	Xeometría no plano. Sistemas de coordenadas cartesianas. Escalas e gráficas. Polígonos. Triángulos. Cuadriláteros. Paralelepípedos. Concavidade e convexidade de figuras planas. A circunferencia e o círculo. Posicións relativas de rectas e circunferencias.	16	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A estatística e o mundo natural	24



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	PE	70
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA4.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA5.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Resolver problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.		
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Elaborar representacións matemáticas para resolver problemas.		
CA5.6 - Expor novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Inventar novos problemas sobre as situacións cotiás traballadas.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	30
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas a partir das investigacións realizadas de forma guiada.		
CA5.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Relacionar as matemáticas con outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación...</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental, con aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Lectura, escritura, ordenación e representación de números naturais e decimais ata as milésimas en textos e contextos habituais.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición de forma manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais e decimais ata as milésimas, con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.</li> </ul>

## Contidos

- Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números naturais e decimais ata as milésimas en problemas cotiáns resolto con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Expresión de fraccións e decimais en problemas sobre a vida cotiá; selección da expresión máis adecuada para cada situación.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, con explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación do erro como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración, revisión do proceso, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións, decimais e porcentaxes) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números naturais e decimais (ata as milésimas) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais ata as milésimas e fraccións como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas
- Resolución de problemas que impliquen o uso de fraccións con comparación entre elas, procura de equivalencias por ampliación ou redución, sumando, restando seguindo as estratexias adecuadas, con explicación do proceso seguido na resolución.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, multiplicación e potencia, fracción e división; aplicación en contextos cotiáns.
- Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
- Exploración de relacións de divisibilidade entre dous números con estratexias diversas, comprobación do resultado e aceptación do erro como parte do proceso.
- Investigación e comprobación de relación entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes en situacións cotiás.
- Razoamento proporcional
- Identificación de situacións proporcionais e non proporcionais como comparación multiplicativa entre magnitudes en problemas da vida cotiá.
- Formulación e resolución de problemas, individualmente e en equipo, que impliquen o uso de proporcionalidade, porcentaxes e escalas na vida cotiá, mediante a igualdade entre razóns, a redución á unidade e o uso de coeficientes de proporcionalidade, seguindo a estratexia adecuada, con explicación do proceso seguido na resolución.

## Contidos

### - Educación financeira

- Resolución de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable (valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo), con análise crítica de aspectos relacionados co diñeiro, usando textos cotiáns físicos (folletos, carteis, informes) ou dixitais para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada.

### - Patróns

- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación individual e en equipo de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.

- Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes.

### - Modelo matemático

- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.

### - Relacións e funcións

- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,

### - Pensamento computacional

- Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, instrucións aniñadas e condicionais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais, programación por bloques, robótica educativa.

### - Organización e análise de datos

- Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos a través de enquisas, medicións, observacións, de maneira individual ou en equipo, para aplicar en situacións contextualizadas.

- Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas e relativas; uso desa información na resolución de problemas.

- Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, a interpretación ou a representación de gráficas e táboas de datos.

- Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras, sectores circulares e poligonais e histograma), con recursos tradicionais e tecnolóxicos, e elección do máis adecuado á situación.

- Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda nun rexistro estatístico ou táboas de datos en contextos cotiáns.

- Cálculo e interpretación de medidas de dispersión (rango) para comprender a variabilidade dos datos nun rexistro estatístico.

- Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.

- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas.

### - Incerteza

- Cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos, previa identificación da incerteza en situacións da vida cotiá.

## Contidos

- Aplicación de técnicas básicas do cálculo para o cálculo de probabilidades en experimentos, comparacións ou investigacións nos que sexa aplicable a regra de Laplace.
- Valoración da contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
- Identificación dun conxunto de datos como mostra dun conxunto máis grande e reflexión sobre a poboación á que é posible aplicar as conclusións de investigacións estatísticas sinxelas relacionadas co cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- O reforzo verbal, fomento da participación, gradación das dificultades e identificación de fortalezas como estratexias para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades, confiar nas súas posibilidades, perseverar nas solucións e afrontar os retos matemáticos con seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, a iniciativa na súa aprendizaxe, a organización de ideas, o tratamento da información e a formulación e comprobación de conxecturas.
- Os xogos matemáticos individuais en formatos dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: valoración de alternativas, desenvolvemento da flexibilidade cognitiva, estimulación do razoamento, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exhibibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os números decimais e as fraccións.	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	PE	70
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA4.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na re-resolución dunha situación problematizada		
CA4.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Máis cerca do que crees.	Comprender a preferencia de Xesús polos marxinados. Coñecer as parábolas e milagros como signos de transformación.	12	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Máis cerca do que crees.	Descubrir e valorar o compromiso da Igrexa cos máis vulnerables.	12	4	X		
2	Unha opción valente.	Comprender o sí de María, modelo de Creente. Descubrir e valorar o testimonio de mulleres creentes na Biblia e na Igrexa. Coñecer textos da Igrexa que falan do papel de la muller.	12	4	X		
3	¡Celebremos ao grande!	Comprender e valorar os sacramentos do bautismo, matrimonio e unción na liturxia cristiá. Descubrir e apreciar tradicións e ritos de outras relixións. Valorar la diversidad cultural y la experiencia religiosa como una riqueza que nos une.	12	4	X		
4	La unión fai a forza.	Comprender a relación de Xesús co seu Pai e o Espírito Santo. Descubrir o sentido da entrega de Xesús. Coñecer as convicións dos cristiáns sobre Deus. Colaborar activamente na construción dunha convivencia pacífica	12	4		X	
5	Científicos e creentes.	Descubrir e valorar o diálogo entre fe e ciencia. Comprender a convivencia entre ciencia e relixión. Construir un pensamento crítico nas redes sociais dende o respecto e a curiosidade.	12	4		X	
6	¡A arte conta moito!	Coñecer o patrimonio artístico do cristianismo. Ollar e valorar a arte noutras tradicións e culturas. Promover o diálogo interrelixioso.	12	4		X	
7	A feira do libro.	Coñecer a Biblia e a súa orixe. Valorar a palabra de Deus como fonte de sabiduría. Reflexionar sobre experiencias relixiosas narradas en relatos bíblicos.	14	6			X
8	Unha semana pola paz.	Cooperar activamente na construción de unha convivencia pacífica. Coñecer a ética cristiá a través de biografías significativas. Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo. Visualizar e identificar qué situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Máis cerca do que crees.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende qué son as parábolas e sabe que Xesús as utilizaba para facer accesible a súa mensaxe. Identifica milagres de Xesús como signos do amor de Deus.	PE	40
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Identifica actitudes concretas de Xesús cara os máis necesitados. Identifica situacións de necesidade e pobreza na súa contorna.	TI	60
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa en accións solidarias como resposta da súa empatía cara as persoas máis necesitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Unha opción valente.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Recoñece a María como exemplo de credemento persoal, e expresa aspectos de esta experiencia. Coñece o papel que xogaron algunhas mulleres creentes na Biblia e valora a súa testemuña.	PE	50
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Recoñece a importancia na defensa da vida e propón accións de e a búsqueda da igualdade entre todos.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	¡Celebremos ao grande!	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Comprende os sacramentos da iniciación cristiá e valóraos como parte da identidade cristiá. Descubre e aprecia as tradicións e ritos doutras relixións, estando aberto a diálogo interrelixioso.	PE	40
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Expresa bastantes elementos da dignidade da súa identidade persoal, mostrando responsabilidade e empatía polas persoas necesitadas.	TI	60
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a diversidade cultural e a experiencia relixiosa coma unha riqueza que nos une.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	La unión fai a forza.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece e comprende a relación de amor entre o Pai, o Fillo e o Espírito Santo. Coñece a profesión de fe en Deus Pais, Fillo e Espírito Santo e outros aspectos da fe cristián formulados no credo.	PE	40
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Aprende cómo as experiencias celebrativas estreitan lazos entre as persoas.	TI	60
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Colabora activamente na construción dunha convivencia pacífica.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Recoñece os valores que busca o ben común e colabora nas actividades para construír unha convivencia pacífica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> </ul>

**Contidos**

- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.
- O Credo da Igrexa católica.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
5	Científicos e creentes.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Recoñece que a ciencia e a fe non son incompatibles, senon complementarias e respecta o diferentes ámbitos de cada unha delas. Valora o diálogo entre ciencia e fe como camiño para a búsqueda do ben común.	PE	50
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Aprecia a importancia do diálogo entre persoas de pensamentos diferentes e promove o respecto ante o que é diferente.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
6	iA arte conta moito!	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como forma de desenvolvemento persoal.	PE	40
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Coñece o patrimonio artístico do cristianismo e o valora como sinal de identidade persoal.	TI	60
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Valora a arte de outras tradicións e culturas distintas da propia. Promove o diálogo interrelixioso como forma de acercamento entre culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A feira do libro.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Mostra interés por coñecer a Biblia, a súa estrutura e a súa mensaxe. Valora a Palabra de Deus como fonte de sabedoría.	PE	50
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Mostra interés en coñecer a experiencia relixiosa que se mostra nos textos bíblicos.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Unha semana pola paz.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Identifica os elementos máis importantes da misión da Igrexa. Promove emocións que axudan a recoñecernos como persoas iguais e diferentes.	PE	50
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Promove a responsabilidade pola casa común con accións persoais e grupais. Imaxina cómo pode ser un mundo máis solidario inspirado en Xesús.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta a chamada Pedagogía de Deus. A «pedagogía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciáveis: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirille a súa mensaxe.

Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica ha de provocar o desenvolvemento integral, buscando estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno.

A si mesmo, debe fomentar a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da



prevención da violencia, do acoso escolar, así como a cultura da paz e os dereitos humanos.

O docente pasa a ser «xestor de coñecemento» para que o alumnado adquira as competencias adecuadas á súa idade. Partimos dos coñecementos e da experiencia que ten o alumnado, utilizando, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Esta metodoloxía está orientada a preparar ao alumnado para a vida, ensinando a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade.

As tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, de xeito que o coñecemento debe transformarse en acción, experiencia e vivencia aplicada, na medida do posible, aos contextos próximos ao alumnado.

Principios metodolóxicos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e inclusiva, que preste especial atención á diversidade, e con actividades que teñan sentido. Partiremos dos problemas e as situacións reais dos alumnos. Partiremos da avaliación inicial.

Aprendizaxe dinámica, construtiva e significativa, e globalizadora. Que axude a desenvolver todas as capacidades do alumno: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar o significativo do aprendido e a súa aplicación á vida.

Aprendizaxe progresiva, baseada no principio de continuidade. Supón coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Aprendizaxe de sentido último. Os alumnos inicianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser. Irán descubrindo isto, nos símbolos e signos do súa contorna, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Aprendizaxe colaborativa. Deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros, como unha forma de experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Aprendizaxe autónoma. Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, conectada coa vida, e que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan.

Aprendizaxe activa. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só, pero con axuda si pode.

Aprendizaxe participativa. Buscar unha maior participación do alumnado na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros, fomentado desde o voluntariado.

Aprendizaxe motivadora. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Aprendizaxe potencial. Fomentarse a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, a fin de fomentar súa autonomía.

Aprendizaxe emocional. Facilitaranse técnicas de autorregulación das súas propias emocións, e se promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

Aprendizaxe na diversidade. Terase en conta as características persoais de cada alumno. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Agrupamento dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado na aula (gran grupo, pequeno grupo, individual, etc.) estableceranse en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

Os agrupamentos serán fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

Organización dos espazos e tempos.

Adaptada aos alumnos. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento.

Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión.

Será unha organización o mais flexible posible, adaptada á idade, actividade, motivación, etc., buscando que os alumnos sexan dinámicos e se sintan motivados, tanto a nivel individual como en grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

Secuencia e descrición do proceso metodolóxico.

Experiencia inicial: Partimos dunha experiencia inicial que reflicten sentimentos e emocións que son familiares e fomenta o descubrimento tanto do mundo interior do alumnado como da súa contorna; detecta as capacidades e coñecementos previos, e motiva para achegarse ao tema. Esta primeira sesión das unidades didácticas será fundamentalmente oral.

Relato bíblico: A experiencia inicial ilumínase coa lectura e escoita da Palabra de Deus, mediante un relato bíblico. Esta sesión é nuclear.

Desenvolvemento dos contidos: Logo desenvolvemos os contidos, isto é, a asimilación da Palabra de Deus encarnada na realidade cotiá do alumnado e na súa contorna.

Obradoiro: O alumnado reflexiona sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe, recompilando as aprendizaxes máis significativas de maneira práctica. Desenvolveranse as actividades de reforzo e ampliación, complementarias ás anteriores. De reforzo para aquel alumnado que non poida seguir o ritmo de aprendizaxe da clase, e de ampliación para o alumnado que leva un maior ritmo de aprendizaxe.

Avaliación: Serán todas as utilizadas durante as sesións das unidades didácticas. As recollidas nos apartados correspondentes da programación. Terá lugar o finalizar cada unidade didáctica.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital.
Caderno de traballo.
Sagrada Biblia.
Libros de apoio, consulta e de lectura.
Materiais diversos.
Materiais para producións artísticas.
Xogos e outros elementos lúdicos.
Materiais audiovisuais.
Webs relacionadas coa materia.

O Libro dixital será o establecido no Entorno Visual de Aprendizaxe: «Religión católica 6º Primaria. Plataforma Netex».

O Caderno de traballo será similar o utilizado nas outras materias.

Sagrada Biblia: versión oficial da Conferencia Episcopal Española. Tanto en formato de papel coma na súa versión «en liña» (<https://www.conferenciaepiscopal.es/biblia>).

Libros de apoio, consulta e de lectura: «La Biblia didáctica», SM-PPC; «YOUCAT para niños», Ediciones Ecuentero; «¿Dónde vive Dios?... y 101 preguntas más», Editorial Verbo Divino; «Historias de la Biblia: El cuidado y el cariño», SM; e outros similares.

Materiais diversos: Láminas, revistas misioneras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: Pintura, escultura, arquitectura, fotografía, etc.

Os materiais para producións artísticas: Ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Materiais diversos: Láminas, revistas misionerías, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: pintura, escultura, arquitectura, fotografía, etc.

Os materiais para producións artísticas: ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización: «Grandes héroes y leyendas de la biblia», Good Times; «El evangelio en dibujos animados», Nest; «Héroes de la fe», BDM Internacional; e outros semellantes.

Webs relacionadas coa materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso precisamos partir dos coñecementos previos que ten o alumnado e servímonos da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada alumno. Ao comezo de cada curso faremos unha avaliación inicial con actividades lúdicas sinxelas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno. Tamén, ao comezo de cada Unidade Didáctica, faremos unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	50	40	40	50	40	50	50	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	50	60	60	50	60	50	50	<b>55</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. A avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os procedementos e instrumentos de avaliación. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación. Consideramos os seguintes instrumentos de avaliación:

Proba escrita: Instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través de unha evidencia escrita. Proba formulada en forma de cuestionario; Resumo de diversos contidos do currículo; Cadro cronolóxico (ordenación cronolóxica dos feitos máis importantes dun relato bíblico); etc.

Táboa de indicadores: Instrumento no que alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia co apoio

dunha lista de indicadores ou escalas de valoración. Diario de clase; Follas de seguimento; Rexistros dos diálogos co alumnado, de exposicións de un tema, de probas orais; Libro de texto; Caderno de traballo; etc.

Os criterios de cualificación son aqueles requisitos que deseñamos para determinar o grao de aprendizaxe dun alumno nunha escala determinada, nunha unidade didáctica ou nunha avaliación. O grao de consecución exprésase nos termos de: Insuficiente (para as cualificacións que non acadan os mínimos de consecución), Suficiente, Ben, Notable, Sobresaliente (para as cualificacións que superen o mínimo de consecución).

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre, e unha avaliación final ordinaria no mes de xuño. O alumnado deberá acadar as ensinanzas mínimas que constan nesta programación didáctica.

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos criterios previamente ponderados dentro de cada unidade didáctica; a media ponderada das unidades didácticas conformarán a cualificación da avaliación trimestral. A cualificación final da materia será a media ponderada das cualificacións de todas as avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades de reforzo sinxelas, etc.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno, antes de que finalice cada unidade didáctica, se solicitará axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos. Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas. Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Se implantarán actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos. Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.	X		X		X	X		
ET.5 - Educación para a igualdade entre mulleres e homes.		X	X	X	X	X		
ET.6 - Educación para a non violencia e a paz e resolución de conflitos.		X	X	X	X	X		
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente e o consumo responsable.	X	X		X		X	X	
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo sexual.		X			X	X	X	
ET.9 - Educación emocional e en valores cristiáns e dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación na "entrecultura".	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A comprensión lectora a faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos e favorece a igualdade de oportunidades.

A relixión católica é en si mesma unha educación en valores, é transversal a todas as culturas. Polo tanto tamén a inclúo neste apartado, porque considero importante traballar, en todas as unidades didácticas, valores fundamentais comúns a todas as culturas: O respecto, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familia, o compartir, o axudar, a caridade, a tolerancia, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada do "Domund"	O alumnado deste nivel colaborará na xornada do "Domund".	X		
Campaña solidaria de "Cáritas"	O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no Nadal, da ONG "Cáritas".	X		
Día da non violencia de da paz.	O alumnado deste nivel colaborará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de Xaneiro.		X	
Campaña contra a fame de "Mans Unidas".	O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG "Mans Unidas".		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das letras galegas.	O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas.			X
Visita a igrexa de Bueu.	O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu, capelas ou santuarios, etc., da contorna.			X
Exposicións nos corredores do colexio.	Montaxe e exposición dun pequeno "Belén", ou de outros traballos, nos corredores do colexio.	X	X	X

#### Observacións:

A LOMLOE indica que a educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social.

Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación.
Realizo formación para mellorar como profesional.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.

**Descrición:**

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Procedemento de seguimento.

O seguimento do cumprimento da programación será a través da aplicación PROENS, revisando os datos de cada unidade didáctica: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 3o ciclo de Educación Primaria.

Os instrumentos xa sinalados para cada unidade didáctica servirán para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos, e ademais para que o docente saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

Avaliación e propostas de mellora.

A avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas tan pronto como se detecten dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

Avaliarase a programación segundo os aspectos seguintes, acompañados das propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

Preparación da clase e dos materiais didácticos: Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais: A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado. A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno. Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da Aprendizaxe e Comunicación.

Regulación da práctica docente: Grao de seguimento dos alumnos medio-alto. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Consecución dos alumnos dos criterios de avaliación programados. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía das actividades planificadas. Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.

Utilización de medidas para a atención á diversidade: Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.

## 9. Outros apartados